

Carta abierta a los comunistas de A Coruña [ESP/GAL]

Desde el comienzo de la pandemia, el PCOE sacó adelante un proyecto de vital importancia tanto para el Movimiento Comunista Español (MCE) como para el Movimiento Comunista Internacional (MCI): la unidad de acción de los comunistas. Este proyecto, mediante su programa, pretende que, a través de la franqueza y la honestidad revolucionaria, los camaradas de diferentes partidos de denominación marxista-leninista abran un profundo debate para superar las contradicciones que los separan y así acercarnos a la construcción de un partido comunista único para el Estado Español.

Este proyecto no es casual, puesto que la pandemia fue la excusa de los capitalistas para avanzar en la explotación de la clase obrera y poner en marcha cada vez más la Agenda 2030, donde se asegura que en el 2030 “no tendremos nada, pero seremos felices”. En el momento en el que el imperialismo se reorganiza para aplastar a la clase obrera, los comunistas debemos de hacer lo propio para que la vanguardia de la clase obrera eleve la conciencia del proletariado y lo eleve hacia la organización de la Revolución Socialista.

Sin embargo, observamos que también existen muchos elementos individuales que en el día a día o en las redes sociales se autodenominan comunistas, como si la condición de revolucionario fuera un atributo subjetivo y no una consecuencia directa de la combinación de la teoría revolucionaria y la práctica revolucionaria. Estos sujetos son, en la práctica, ajenos a cualquier obra transformadora de ningún Partido de nuevo tipo y, lamentablemente, utilizan una serie de consignas para calmar su propia conciencia en vez de agitar a las masas populares.

Este fenómeno de divide y vencerás, que sin duda ven impulsado por el eurocomunismo del PCE, permite que el fascismo avance en los centros de trabajo o en los barrios mientras que los autodenominados revolucionarios se encuentran aislados de esta realidad. Así, tenemos el ejemplo del barrio de los Mallos en A Coruña, donde en las últimas semanas vemos como el discurso xenófobo avanza gracias a la pequeña burguesía que ve en esta pandemia la pérdida de su pequeño capital y, como consecuencia, se echa a los brazos del discurso fascista pensando que así podrá salvarse.

Con toda seguridad, el barrio de los Mallos es una pequeña muestra de lo que está aconteciendo en todo el Estado (véase la manifestación neonazi en el barrio de Chueca a grito de “Fuera maricones de nuestros barrios” o el asesinato de Samuel Luiz en la misma ciudad de A Coruña) y expresar nuestra indignación en las redes sociales no va a cambiar la realidad. Y ante esta realidad los camaradas del PCOE organizaron una concentración de repulsa ante el avance del discurso fascista entre nuestra clase social. Reproducimos a continuación el texto íntegro que se leyó al finalizar la convocatoria:

Desde hace unos años estamos viendo un preocupante auge del fascismo. Éste se ha manifestado últimamente en nuestra ciudad en forma de movilizaciones contra la ocupación en el barrio de los Mallos, movilizaciones que han tenido un claro trasfondo racista y xenófobo y han sido secundadas por organizaciones neonazis locales.

Han aprovechado una situación de miseria y desamparo de un sector de la clase obrera para arrojar un discurso reaccionario que culpa a pobres y migrantes de la inseguridad en los barrios, en vez de poner el foco en el verdadero saqueo a la clase obrera: la explotación del hombre por el hombre, la cual genera desempleo, desahucios, colas del hambre y otras lacras.

El crecimiento y la normalización del fascismo popularizan en los barrios este tipo de discursos. A su vez, este crecimiento viene provocado por la actual crisis, que ha dejado al capitalismo agónico, en quiebra absoluta.

Hoy somos los comunistas los que nos hemos presentado en esta concentración a decirle la verdad a la clase obrera. Sin consignas que regalen los oídos y sin medias tintas, los comunistas mostramos a los trabajadores la única salida: la construcción del Socialismo. Nos negamos a seguir trabajando por detrás de los fascistas como se lleva haciendo innumerables veces a lo largo y ancho del Estado Español.

Dejar el movimiento antifascista en manos de otras corrientes que se autodenominan de izquierdas significará condenar el antifascismo a la muerte, pues estas tendencias izquierdistas no tienen ni tendrán un proyecto político más allá de la palabrería barata, el anticapitalismo infantiloides y la violencia callejera carente de perspectiva revolucionaria.

Es necesario que los comunistas encabeceemos la lucha poniendo todos nuestros esfuerzos en elevar la conciencia de los trabajadores. Es necesaria la construcción del Frente Único del Pueblo como fuerza popular que mande a las instituciones burguesas al estercolero de la historia.

Por ello, hacemos un llamamiento a todos los comunistas de Coruña, de Galicia y del Estado español a tomar partido, a militar en el Partido Comunista Obrero Español. Para poder seguir impulsando la unidad comunista que nos permita dar la

puñalada final al moribundo capitalismo y lleve a los trabajadores al poder.

¡Fuera fascistas de la faz de la tierra!

¡Socialismo o barbarie!

La militancia comunista es un compromiso que el revolucionario adquiere tanto con su Partido (aceptando el Programa, aplicándolo al día a día y ayudando materialmente al Partido) como con su clase, a la cual debe elevar a la posición que le corresponde: a la de clase dominante. Las tareas de agitación en las calles, las intervenciones de los camaradas del Partido en diferentes actos y, sobre todo, la organización en los centros de trabajo a través del sindicalismo federado en la FSM, hacen posible que la clase obrera reconozca al Partido como el dirigente que la llevará a la consecución del Socialismo, donde los trabajadores vivirán de la manera que se merecen.

Por esto, hacemos un llamamiento a todas aquellas personas en A Coruña que se consideran comunistas y que están viendo en sus barrios el avance de la bestia fascista a que den un paso cualitativo en su vida política y formen parte del Partido Comunista Obrero Español para poder impulsar así con más fuerza el proyecto de Unidad de Acción Comunista. Los marxistas-leninistas somos la única fuerza que tiene un proyecto concreto para la superación del capitalismo, el Socialismo, y merecemos que todos nuestros esfuerzos nos lleven de una vez a la emancipación de la clase obrera.

¡Solo podemos perder nuestras cadenas!

¡Militancia comunista para la emancipación de nuestra clase!

iSocialismo o barbarie!

Comité local del PCOE en A Coruña

Carta aberta aos comunistas de A Coruña

Desde o comezo da pandemia, o PCOE sacou adiante un proxecto de vital importancia tanto para o Movemento Comunista Español (MCE) como para o Movemento Comunista Internacional (MCI): a unidade de acción dos comunistas. Este proxecto, mediante o seu programa, pretende que a través da franqueza e a honestidade revolucionaria, os camaradas de diferentes partidos de denominación marxista-leninista abran un profundo debate para superar as contradicións que os separan e así achegarnos á construción dun partido comunista único para o Estado Español.

Este proxecto non é casual, posto que a pandemia foi a excusa dos capitalistas para avanzar na explotación da clase obreira e por en marcha cada vez máis a Axenda 2030, onde se asegura que no 2030 “non teremos nada, pero seremos felices”. No momento no que o imperialismo reorganízase para esmagar á clase obreira, os comunistas debemos de facer o propio para que a vanguardia da clase obreira eleve a conciencia do proletariado e o leve cara a organización da Revolución Socialista.

Sen embargo, observamos que tamén existen moitos elementos individuais que no día a día ou nas redes sociais autodeterminanse como comunistas, como se a condición de revolucionario fose un atributo subxectivo e non unha consecuencia directa da alternancia entre teoría

revolucionaria e práctica revolucionaria. Estes suxeitos son, na práctica, alleos a calquera obra transformadora de ningún Partido de novo tipo e, lamentablemente, utilizan unha serie de consignas para calmar a súa propia conciencia en vez de axitar ás masas populares.

Este fenómeno de divide e vencerás, que sen dúbida ven impulsado polo eurocomunismo do PCE, permite que o fascismo avance nos centros de traballo ou nos barrios mentres que os autodenominados revolucionarios atópanse illados desta realidade. Así, temos o exemplo do barrio dos Mallos en A Coruña, onde nas últimas semanas vemos como o discurso xenofóbico avanza grazas á pequena burguesía que ve nesta pandemia a perda do seu pequeno capital e, como consecuencia, bótase aos brazos do discurso fascista pensando que así poderá salvarse.

Con toda seguridade, o barrio do Mallos é unha pequena mostra do que está a acontecer en todo o Estado (véxase a manifestación neonazi no barrio de Chueca a grito de “Fuera maricones de nuestros barrios” ou o asasinato de Samuel Luiz na mesma cidade de A Coruña) e expresar a nosa indignación nas redes sociais non vai a mudar a realidade. E ante esta realidade os camaradas do PCOE organizaron unha concentración de repulsa ante o avance do discurso fascista entre a nosa clase social. Reproducimos a continuación o texto íntegro que se leu ao finalizar a convocatoria:

Desde hai uns anos estamos a ver un preocupante auxe do fascismo. Este manifestouse ultimamente na nosa cidade en forma de mobilizacións contra a ocupación no barrio dos Mallos, mobilizacións que tiveron un claro transfondo racista e xenófobo e foron secundadas por organizacións neonazis locais.

Aproveitaron unha situación de miseria e desamparo dun sector

da clase obreira para lanzar un discurso reaccionario que culpa a pobres e migrantes da inseguridade nos barrios, no canto de poñer o foco no verdadeiro saqueo á clase obreira: a explotación do home polo home, a cal xera desemprego, desafiuzamentos, colas da fame e outras secuelas.

O crecemento e a normalización do fascismo popularizan nos barrios este tipo de discursos. Á súa vez, este crecemento vén provocado pola actual crise, que deixou ao capitalismo agónico, en quebra absoluta.

Hoxe somos os comunistas os que nos presentamos nesta concentración para dicirlle a verdade á clase obreira. Sen consignas que regalen os oídos e sen medias tintas, os comunistas mostramos aos traballadores a única saída: a construción do Socialismo. Negámonos a seguir traballando por detrás dos fascistas como leva facendo innumerables veces ao longo e ancho do Estado Español.

Deixar o movemento antifascista en mans doutras correntes que se autodenominan de esquerdas significará condenar o antifascismo á morte, pois estas tendencias esquerdistas non teñen nin terán un proxecto político máis aló da palabrería barata, o anticapitalismo infantiloide e a violencia nas rúas carente de perspectiva revolucionaria.

É necesario que os comunistas encabecemos a loita poñendo todos os nosos esforzos en elevar a conciencia dos traballadores. É necesaria a construción da Fronte Única do Pobo como forza popular que mande ás institucións burguesas ao estercolero da historia.

Por iso, facemos un chamamento a todos os comunistas de Coruña, de Galicia e do Estado español a tomar partido, a militar no Partido Comunista Obreiro Español. Para poder seguir impulsando a unidade comunista que nos permita dar a puñalada final ao moribundo capitalismo e leve aos traballadores ao poder.

Fora fascistas da face da terra!

Socialismo ou barbarie!

A militancia comunista é un compromiso que o revolucionario adquire tanto co seu Partido (aceptando o Programa, aplicándoo ao día a día e axudando materialmente ao Partido) como coa súa clase, á cal debe elevar á posición que lle corresponde: á de clase dominante. As tarefas de axitación nas rúas, as intervencións dos camaradas do Partido en diferentes actos e, sobre todo, a organización nos centros de traballo a través do sindicalismo federado na FSM, fan posible que a clase obreira recoñeza ao Partido como o dirixente que a levará á consecución do Socialismo, onde os traballadores vivirán da maneira que se merecen.

Por isto, facemos un chamamento a todas aquelas persoas en A Coruña que se consideran comunistas e que están vendo nos seus barrios o avance da besta fascista a que den un paso cualitativo na súa vida política e formen parte do Partido Comunista Obrero Español para poder impulsar así con máis forza o proxecto de Unidade de Acción Comunista. Os marxistas-leninistas somos a única forza que ten un proxecto concreto para a superación do capitalismo, o Socialismo, e merecemos que todos os nosos esforzos nos leven dunha vez á emancipación da clase obreira.

Só podemos perder as nosas cadeas!

Militancia comunista para a emancipación da nosa clase!

Socialismo ou barbarie!

Comité local do PCOE en A Coruña